

Orde do 25 de xuño de 2010 pola que se regulan a convocatoria de subvencións e os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental.

A Lei 8/2009, do 22 de decembro, regula o aproveitamento eólico en Galicia e crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. Tal canon, na súa calidade de prestación patrimonial de dereito público de natureza extrafiscal e real, ten como obxectivo contribuir a regular na nosa comunidade autónoma o ambiente na súa consideración de ben protexido.

Establece o artigo 9 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, que os ingresos derivados do canon, deducidos os custos de xestión, se destinarán á conservación, reposición e restauración do ambiente, así como a actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial das que serán principais beneficiarios os municipios afectados pola implantación de parques eólicos e polas instalacións de evacuación destes.

E tamén que será beneficiaria o conxunto da sociedade mediante actuacións que, promovidas pola Administración autonómica, se dirixan ao incremento da eficiencia no aproveitamento dos recursos enerxéticos renovables, da sustentabilidade, da biodiversidade e do uso recreativo e educativo dos recursos de Galicia.

Por outra banda o artigo 23 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, procede á creación do Fondo de Compensación Ambiental, que se financiará cos ingresos obtidos do canon eólico e ten como obxectivo a aplicación de actuacións globais destinadas a conservación, reposición e restauración do medio ambiente e reequilibrio territorial.

Ademais, este Fondo de Compensación Ambiental regularase segundo as disposicións previstas no capítulo II da Lei 8/2009 e as ordes que, para a súa regulación, dite esta consellaría con competencias en materia de réxime local.

Na mesma liña os artigos 10 e 25 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, establecen que para a determinación concreta das actuacións de investimento que revistan natureza produtiva se observará o establecido pola orde de regulación do Fondo de Compensación Ambiental.

Así, o Decreto 303/2009, do 21 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, atribúelle á Dirección Xeral de Administración Local as relacións coas entidades, así como as convocatorias e propostas de adxudicación de axudas e subvencións as entidades que sexan competencia desa dirección xeral.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto e beneficiarios.*

1. O Fondo de Compensación Ambiental ten como finalidade a aplicación de actuacións globais desti-

nadas á conservación, reposición e restauración do ambiente e reequilibrio territorial. Este Fondo carece de personalidade xurídica e a súa xestión corresponde á dirección xeral competente en materia de réxime local, de conformidade coas directrices que se establezan nesta orde.

2. Convócanse subvencións, en réxime de concorrencia competitiva e non competitiva no ano 2010, para as entidades locais de Galicia destinadas á realización de actuacións de investimento que revistan natureza produtiva e xeradora de emprego.

Estas actuacións subvencionables deberán responder, ademais, a:

a) Actuacións orientadas á conservación da biodiversidade, ao coñecemento e á utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e á utilización recreativa do medio natural degradado ou contaminado.

b) Actuación de impulso da eficiencia e utilización sustentable das enerxías renovables.

c) Así mesmo, poderán financiarse con cargo ao fondo os contratos de subministración definidos no artigo 9 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, que teñan por obxecto a adquisición de equipamentos, produtos, vehículos ou bens mobles cuxa finalidade estea vinculada aos obxectivos establecidos nos parágrafos anteriores.

3. Esta orde reguladora da convocatoria de subvencións e dos criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental inclúe, segundo o principio de economía procedemental, tres liñas de subvención coa mesma causa e finalidade, isto é, o cumprimento da Lei 8/2009, do 22 de decembro:

a) Convocatoria de subvencións de natureza non competitiva: para os concellos cuxo territorio municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico e, igualmente, os afectados pola correspondente instalación de conexión ou vía de evacuación.

b) Convocatoria de subvencións de natureza competitiva: para todos os concellos galegos.

c) Convocatoria dunha subvención en especie de natureza competitiva: para aqueles concellos que contén con servizos de policía local ou agrupacións de protección civil, consistente na cesión en propiedade de vehículos todoterreo cun equipamento especial para o desenvolvemento de tarefas no eido ambiental.

4. Poderán ser beneficiarios destas subvencións os concellos de Galicia que cumpran, ademais, co seguinte requisito:

Ter presentadas as contas das entidades a que se refire o artigo 208 e seguinte do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o

texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, correspondentes ao exercicio orzamentario 2008 no Consello de Contas de Galicia.

No suposto de que algún concello dos relacionados nos anexos II.A e II.B non cumprisen o establecido no parágrafo anterior, a cantidade que lle corresponde incrementará a cantidade total da liña de subvención de concorrencia competitiva establecida nos artigos 1.3º b) e 2.3º b).

Artigo 2º.-Crédito.

1. Os ingresos obtidos ata o 31 de marzo pola aplicación do canon eólico ascenderon a 22.645.400 euros e os gastos de xestión deste recurso tributario elévanse a 226.850 euros, polo que a asignación inicial do Fondo de Compensación Ambiental para o exercicio 2010 se establece en 22.418.550 euros.

2. O Fondo de Compensación Ambiental, deducidos tanto os gastos de xestión como o establecido no artigo 25.5º da Lei 8/2009, do 22 de decembro, isto é, un total de 11.209.275 euros, integrarase nos orzamentos da Dirección Xeral de Administración Local nas aplicacións orzamentarias 05.03.141A.624.1: 2.000.000 euros, e a 05.03.141A.761.0: 9.209.275 euros.

3. A axuda económica que se conceda será en función das solicitudes presentadas en cada unha das liñas de subvención e segundo a seguinte distribución orzamentaria:

a) A liña de subvención establecida no artigo 1.3º a), isto é, destinada aos concellos cuxo territorio municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico e igualmente os afectados pola correspondente instalación de conexión ou vía de evacuación, con cargo ao crédito orzamentario de 7.797.077,40 euros, aplicación 05.03.141A.761.0, percibirán unha axuda en réxime de concorrencia non competitiva conforme os seguintes criterios e para actuacións segundo o exposto no artigo 1.2º:

a.1) Concellos que teñan instalados aeroxeradores dentro do seu termo municipal recibirán a cantidade total de 6.428.800 euros segundo o anexo II.A.

a.2) Concellos afectados por instalacións de conexión ou vías de evacuación dentro do seu termo municipal recibirán a cantidade total de 1.368.277,40 euros, segundo repartición proporcional do anexo II.B.

b) Para a liña de subvención establecida no artigo 1.3º b), isto é, destinada a todos os concellos galegos, convócase un procedemento en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2010 e para actuacións segundo o exposto no artigo 1.2º, con cargo ao crédito orzamentario de 1.412.197,60 euros, aplicación 05.03.141A.761.0.

c) A liña de subvención establecida no artigo 1.3º c) e cun crédito orzamentario de 2.000.000 euros, apli-

cación 05.03.141A.624.1, convócase cun procedemento en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2010 como medida de apoio aos concellos que contén con servizos de policía local ou agrupacións de protección civil, consistente na cesión en propiedade de vehículos todoterreo cun equipamento especial para o desenvolvemento de tarefas no eido ambiental:

a) Sonómetros para efectuar as medicións relacionadas cos ruídos molestos e insalubres.

b) Equipamento para toma de mostras, tanto sólidas como líquidas, nos casos de residuos e verteduras.

Artigo 3º.-Iniciación.

1. Os que desexen acollerse aos beneficios desta orde presentarán solicitude dirixida á persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, segundo modelo que figura como anexo I desta orde, na oficina de rexistro único e información, nos rexistros das delegacións territoriais, ou por calquera outro dos medios a que se refire o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, no mes de vencemento non houberse día equivalente ao de publicación, entenderase que o prazo expira o derradeiro do mes.

Igualmente, as entidades interesadas e que teñan asinado o correspondente convenio de colaboración para a implantación do portal dos concellos Eido Local poderán presentar as súas solicitudes a través de medios telemáticos, manifestando esta opción de forma expresa na súa solicitude, cando cubran os modelos normalizados que se poñen á disposición dos interesados no portal dos concellos Eido Local (<http://www.eidolocal.es>), segundo o procedemento que se recolle nas instrucións dispoñibles nesta web e no mesmo prazo que o estipulado para a tramitación ordinaria.

Así mesmo, e de acordo co artigo 5 do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, de creación do Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, os modelos normalizados para a presentación de solicitudes por vía telemática estarán igualmente dispoñibles no enderezo <http://www.xunta.es/presentacion-electronica-da-xunta-de-galicia>., de xeito que todos os interesados poderán presentar, igualmente, as súas solicitudes vía internet a través desta web.

2. A entidade peticionaria xuntará á solicitude a seguinte documentación:

1. A liña de subvención establecida no artigo 1.3º a):

a) Certificación do acordo da entidade polo cal se solicita subvención para as obras ou equipamentos concretos que se pretenden executar ao abeiro desta orde, e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

b) Memoria xustificativa da necesidade das obras ou equipamentos para as cales se solicita subvención.

c) Proxecto ou anteprojecto da obra que se vai realizar. Só será posible presentar un proxecto ou anteprojecto por entidade, que poderá incluír máis dunha actuación e non se poderá modificar sen autorización da Dirección Xeral de Administración Local. Logo de aceptar a subvención, a entidade deberá enviar o proxecto definitivo á Dirección Xeral de Administración Local. Independentemente do custo total do proxecto, a cantidade máxima subvencionable segundo esta orde será a establecida no anexo correspondente.

d) Memoria detallada e valorada economicamente no caso de solicitar equipamento.

e) Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as actuacións solicitadas ao abeiro desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos (anexo III).

f) Certificado do secretario/a da entidade da presentación das contas da entidade no Consello de Contas de Galicia, a que fai referencia o artigo 1.4º.

2. A liña de subvención establecida no artigo 1.3º b):

a) Certificación do acordo da entidade polo cal se solicita subvención para as obras ou equipamentos concretos que se pretenden executar ao abeiro desta orde, e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

b) Memoria xustificativa da necesidade das obras ou equipamentos para as cales se solicita subvención.

c) Proxecto ou anteprojecto da obra que se vai realizar. Só será posible presentar un proxecto ou anteprojecto por entidade, que poderá incluír máis dunha actuación e non se poderá modificar sen autorización da Dirección Xeral de Administración Local. Logo de aceptar a subvención, a entidade deberá enviar o proxecto definitivo á Dirección Xeral de Administración Local.

d) Memoria detallada e valorada economicamente no caso de solicitar equipamento.

e) Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as actuacións solicitadas ao abeiro desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos (anexo III).

f) Certificado do secretario/a da entidade da presentación das contas da entidade no Consello de Contas de Galicia, a que fai referencia o artigo 1.4º.

3. A liña de subvención establecida no artigo 1.3º c):

a) Certificación expedida polo secretario/a xeral da corporación, relativa ao acordo adoptado polo órgano competente de solicitude de cesión en propiedade dos vehículos previstos nesta orde, aceptando integramente os termos e prescricións dela e as súas condicións de financiamento e de que se faculta o/a alcalde/sa do concello para aceptar a devandita cesión, no caso de resolución favorable da consellería.

b) Memoria, en que se recollan de xeito detallado os seguintes aspectos:

-Parque móbil con que conta a policía local ou agrupación de protección civil, indicando os vehículos con que conta, a súa antigüidade e a súa matrícula.

-Número de policía ou membros da agrupación de protección civil.

c) Memoria xustificativa da necesidade deste tipo de vehículo en relación co parque móbil de que dispoña o concello, o seu corpo de policía ou agrupación de protección civil e as competencias que exerce de xeito efectivo.

d) Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as actuacións solicitadas ao abeiro desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos (anexo III).

e) Certificado do secretario/a da entidade da presentación das contas da entidade no Consello de Contas de Galicia, a que fai referencia o artigo 1º.4.

4. O defecto nas solicitudes seralles notificado aos interesados pola Dirección Xeral de Administración Local e daráselles un prazo de dez días para emendar os erros ou omisións. Transcorrido o dito prazo, se non se producise a dita emenda, as peticións serán arquivadas conforme o disposto no artigo 71 na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 4º.-*Instrución e resolución.*

Recibidas as solicitudes de subvención e a súa documentación, serán analizadas por unha comisión de valoración presidida pola persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local e da cal forma-

rán parte os/as delegados/as territoriais da Xunta de Galicia. Actuará como secretario/a a persoa titular da Subdirección Xeral de Xestión e Cooperación Económica coas Entidades Locais da Dirección Xeral de Administración Local, ou un/unha funcionario/a da citada dirección xeral con nivel mínimo de xefe/a de servizo.

Cada liña de subvención das establecidas no artigo 2º.3 desta orde poderá ser instruída, tramitada e resolta en pezas separadas.

Unha vez elaborada a correspondente proposta mediante acta motivada, elevarase á persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quen resolverá.

Artigo 5º.-*Criterios de avaliación e repartición.*

1. Na valoración das solicitudes presentadas polas entidades na liña de subvención 1.3º b) ponderaranse os seguintes aspectos e ata un máximo de 100 puntos, de acordo coas seguintes puntuacións:

a) Necesidades das actuacións solicitadas en relación coa situación da entidade, tendo en conta o exposto na memoria xustificativa do artigo 3.2º 2 b): 40 puntos.

b) Maior dispersión da poboación contada segundo o número de núcleos de poboación da entidade, que obriga a unha maior conservación e coñecemento dos recursos naturais e ambientais para o benestar dos cidadáns: 20 puntos.

c) Número de empregos externos xerados co investimento solicitado, especificando o número de contratos e duración: 40 puntos.

Establécese unha cuantía máxima de subvención de 60.000 €.

2. Na valoración das solicitudes presentadas polas entidades na liña de subvención 1.3º c) ponderaranse os seguintes aspectos ata un máximo de 100 puntos, de acordo coas seguintes puntuacións:

a) Necesidades das actuacións solicitadas en relación coa situación da entidade, tendo en conta o exposto na memoria xustificativa, artigo 3.2º 3 b) e c): 30 puntos.

b) Maior dispersión da poboación, contada segundo o número de núcleos de poboación da entidade que obriga a unha maior conservación e coñecemento dos recursos naturais e ambientais para o benestar dos cidadáns: 30 puntos.

c) Menor ratio policía local ou membros Protección Civil/ vehículo de que dispón o concello, outorgando a maior puntuación ao concello con menor número de vehículos en relación co número de policías ou membros Protección Civil con que conte: 20 puntos.

d) Maior antigüidade da última cesión dun vehículo por parte da consellería nos últimos cinco anos:

-Ano 2009: 0 puntos.

-Ano 2008: 5 puntos.

-Ano 2007: 10 puntos.

-Ano 2006: 15 puntos.

-Ano 2005: 20 puntos.

3. Ás solicitudes presentadas polas entidades comprendidas no ámbito de aplicación da liña de subvención 1.3º a) non se lles aplicará valoración algunha ao teren asignada unha cantidade económica segundo anexo II.A e II.B.

Artigo 6º.-*Notificación.*

1. A resolución notificaráselles a todas as entidades beneficiarias da subvención, na forma prevista no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común. Conforme o disposto no artigo 44.1º da Lei 30/1992, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de non notificarse resolución no prazo de catro meses contados desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo. Todo iso sen prexuízo do establecido nos artigos 42 e 43 da devandita lei.

2. Contra esta resolución, as entidades interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Tribunal Superior da Xustiza de Galicia.

3. Así mesmo, o órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución por instancia da entidade beneficiaria, sempre e cando non se cause prexuízo a terceiro.

Artigo 7º.-*Aceptación.*

1. A entidade beneficiaria disporá dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación das condicións contidas nela.

2. Transcorrido o prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

3. As entidades beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigadas a des-

tinando os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidas. A Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos subvencionados.

Artigo 8º.-*Contratación.*

A tramitación e contratación das obras ou equipamento será realizada polas entidades conforme a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas, e serán as entidades contratantes as responsables directas das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar.

Artigo 9º.-*Publicidade das obras.*

No caso de subvención para obras, a entidade beneficiaria deberá dar publicidade da obra mediante a colocación dun cartel anunciador en que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza/Dirección Xeral de Administración Local), con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental (segundo modelo anexo VII) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

Artigo 10º.-*Xustificación.*

1. As entidades beneficiarias das liñas de subvención dos artigos 1.3º a) e b) presentarán, antes do 30 de novembro do ano correspondente ao exercicio económico da respectiva anualidade, a seguinte documentación:

a) Factura ou certificación de obra no modelo oficial (anexo V), con relación valorada e tramitada conforme o procedemento que rexe para a Administración local.

b) Certificación relativa ao acordo de aprobación pola entidade das facturas ou certificacións de obra expedida polo/a seu/súa secretario/a.

c) Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control e da toma de razón en contabilidade do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, de acordo co previsto no artigo 28.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo VI).

d) Declaración complementaria referida á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas (anexo III).

e) Certificado do secretario/a de que a tramitación e a contratación das obras ou equipamentos se realizou conforme a normativa de aplicación no ámbito local.

f) Fotografías, en soporte dixital ou papel, do lugar ou lugares onde se efectuasen as actuacións (toma-

das antes, durante e con posterioridade á súa realización).

g) Fotografías, en soporte dixital ou papel, do cartel das obras, colocado en lugar visible, en que se aprecie a publicidade do financiamento das actuacións con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental.

2. As entidades beneficiarias das liñas de subvención dos artigos 1.3º c) de acordo co disposto na disposición adicional terceira da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entregas de bens ou dereitos ou a prestación de servizos adquiridos ou contratados coa finalidade exclusiva de entregalos a terceiros e que cumpran os requisitos establecidos nas letras a, b, e c do artigo 2.1º da Lei 9/2007 terán a consideración de subvención en especie e quedarán suxeitas ás previsións desta lei.

Para estes efectos, os vehículos adquiridos por parte da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ao abeiro desta orde teñen como finalidade a súa cesión aos concellos de Galicia para o cumprimento por parte destes dunha finalidade de carácter público, como é a de desenvolvemento de tarefas no eido ambiental, polo que se consideran subvención en especie e a súa cesión formalízase mediante acta suscrita polo secretario xeral desta consellería ou funcionario en que delegue, debendo constar nela o acordo de cesión e a aceptación do cesionario das condicións previstas nesta orde.

Se os vehículos cedidos non se aplicasen ao fin sinalado ou deixasen de facelo con posterioridade, ou se descoidasen ou utilizasen con grave quebrantamento das condicións previstas nesta orde, ou se incumprise calquera das condicións da cesión, considerarase resolta esta e os bens reverterán á comunidade autónoma, que terá dereito a percibir, logo de taxación pericial, o valor dos detrimentos ou das deterioracións que experimentasen.

3. Transcorrido o prazo establecido neste artigo sen ter presentado as correspondentes xustificacións, revogarase a concesión da subvención a esa entidade. Esta consellería poderá utilizar o dito crédito en beneficio doutros posibles beneficiarios.

4. A Dirección Xeral de Administración Local, de atopar conformes os xustificantes, proporá o libramento dos fondos, sempre que o beneficiario cumpra a obriga de executar o proxecto definitivo que fundamentou a concesión, segundo estipulado no artigo 41 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de subvencións superiores a 60.000 €, realizarase previamente a comprobación material do investimento, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada por un

representante da Administración e polo beneficiario. A comprobación pode efectualo un representante distinto do concedente da subvención. Excepcionalmente, poderase substituír esta comprobación por unha xustificación documental que constate de forma razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.

A entidade beneficiaria ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 11º.-*Cantidades dispoñibles.*

As cantidades que resultasen sobrantes por causa de renuncia ou non presentación das xustificacións e documentación correspondentes por parte das entidades beneficiarias poderán dedicarse a subvencionar as entidades que presentaron, en prazo, solicitude de subvención ao abeiro desta orde e dentro de cada liña de subvención das descritas no artigo 1.3º coa excepción do establecido no artigo 1.4º.

Artigo 12º.-*Modificación.*

Toda alteración non autorizada das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O incumprimento da obriga de destino referida, que se producirá en todo caso, co alleamento ou gravame dos bens, será causa de reintegro, nos termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, quedando os bens afectos ao pagamento do reintegro calquera que sexa o seu posuídor.

Artigo 13º.-*Concorrenza de axudas e subvencións públicas.*

Estas subvencións son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Non obstante, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Os concellos poderán presentarse ás diferentes liñas de subvención descritas nesta orde sempre e cando cumpran os requisitos e condicionantes requiridos en cada unha delas.

Artigo 14º.-*Incumprimentos.*

No caso de incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 da devandita lei, a entidade comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da mesma norma legal.

Artigo 15º.-*Publicidade das subvencións concedidas.*

As entidades beneficiarias e os importes das axudas concedidas serán publicados no *Diario Oficial de Galicia*, así como na páxina web oficial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega; do mesmo xeito integraranse, na forma que se estableza regulamentariamente, no Rexistro Público de Subvencións, que será de acceso público.

O incumprimento da obriga da entidade beneficiaria da subvención de dar a axeitada publicidade do cofinanciamento das actuacións, en especial do previsto no artigo 8º desta orde, e de acordo co previsto no artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en relación co artigo 33 d) da citada norma, será causa de reintegro por parte da entidade das cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da mesma norma legal.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-En todo o non previsto nesta orde rexerá a normativa xeral en materia de subvencións contida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ademais do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS E OS CRITERIOS DE REPARTICIÓ DO FONDO DE COMPENSACIÓ AMBIENTAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR483A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

DON/DONA _____		CIF ENTIDADE _____
ALCALDE/SA PRESIDENTE/A DA ENTIDADE _____		PROVINCIA _____
ENDEREZO _____	CORREO ELECTRÓNICO _____	TELÉFONO _____

DATOS DA CONTA BANCARIA

CÓDIGO DO BANCO _____	CÓDIGO DA SUCURSAL _____	DÍXITOS DE CONTROL _____	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE _____
--------------------------	-----------------------------	-----------------------------	-----------------------------------

SOLICITUDE

DATA NA QUE SE TOMOU O ACORDO DE SOLICITUDE _____	CANTIDADE SOLICITADA _____	ORZAMENTO TOTAL DA ACTUACIÓ _____
LIÑAS DA SUBVENCIÓ QUE SE SOLICITA		
<input type="checkbox"/> Subvención de natureza non competitiva para os concellos con aeroxeradores. <input type="checkbox"/> Subvención de natureza non competitiva para os concellos sen aeroxeradores que estean afectados pola instalación de conexións ou vías de evacuación. <input type="checkbox"/> Subvención de natureza competitiva para todos os concellos. <input type="checkbox"/> Subvención en especie de natureza competitiva para os concellos que contén con Policía local ou agrupacións de protección civil.		

1.- DECLARO: que a entidade que represento reúne todos os requisitos da convocatoria.

2.- ACEPTO: o compromiso de someterme ás normas da convocatoria e de facilitar a información e a documentación que se solicita.

3.- ADXUNTO: a documentación exixida na convocatoria.

4.- OPTO: pola solicitude telemática. SI NON

Quen abaixo asina **DECLARA QUE:**

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓ APPLICABLE <i>Orde do 25 de xuño de 2010 pola que se regulan a convocatoria de subvencións e os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
SINATURA DO/DA SOLICITANTE _____, de _____ de _____		RECIBIDO _____ REVISADO E CONFORME _____
		DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____

ANEXO II A

Aplicación 05.03141A.760.4/crédito orzamentario 6.428.800 €

A CORUÑA

Concello	Nº aeroxeradores	Subvención
A Capela	9	14.400 €
A Laracha	1	1.600 €
Aranga	11	17.600 €
Arteixo	1	1.600 €
As Pontes	138	220.800 €
As Somozas	89	142.400 €
Boimorto	4	6.400 €
Cabana de Bergantiños	13	20.800 €
Camariñas	62	99.200 €
Cariño	44	70.400 €
Carnota	56	89.600 €
Cedeira	74	118.400 €
Coristanco	25	40.000 €
Dodro	5	8.000 €
Dumbría	114	182.400 €
Irixoa	8	12.800 €
Lousame	16	25.600 €
Malpica	69	110.400 €
Mañón	71	113.600 €
Mazaricos	114	182.400 €
Melide	20	32.000 €
Monfero	26,8	42.880 €
Muros	46	73.600 €
Narón	5	8.000 €
Negreira	48	76.800 €
Ortigueira	114	182.400 €
Outes	29	46.400 €
Padrón	2	3.200 €
A Pobra do Caramiñal	33	52.800 €
Ponteceso	63	100.800 €
Porto do Son	65	104.000 €
Rianxo	5	8.000 €
Rois	14	22.400 €
San Sadurniño	28	44.800 €
Santa Comba	63	100.800 €
Sobrado	15	24.000 €
Toques	15	24.000 €
Tordoia	3	4.800 €
Valdoviño	20	32.000 €
Vimianzo	68	108.800 €
Zas	20	32.000 €
	1626,8	2.602.880 €

LUGO

Concello	Nº aeroxeradores	Subvención
A Pastoriza	3	4.800 €
Abadín	186	297.600 €
Alfoz	32	51.200 €
Antas de Ulla	2	3.200 €
Baleira	19	30.400 €
Carballedo	9	14.400 €
Castroverde	24	38.400 €
Cervo	17	27.200 €
Chantada	30	48.000 €
A Fonsagrada	69	110.400 €
Foz	10,5	16.800 €
Friol	29	46.400 €
Guitiriz	31,2	49.920 €

Concello	Nº aeroxeradores	Subvención
Meira	32	51.200 €
Mondoñedo	40	64.000 €
Muras	377	603.200 €
O Páramo	4	6.400 €
O Vicedo	81	129.600 €
Ouro	160	256.000 €
Palas de Rei	21	33.600 €
A Pontenova	9	14.400 €
Riotorto	3	4.800 €
Pol	3	4.800 €
Ribeira de Piquín	26	41.600 €
Sarria	6	9.600 €
O Valadouro	116,5	186.400 €
Vilalba	134	214.400 €
Viveiro	56	89.600 €
Xermade	44	70.400 €
Xove	8	12.800 €
	1.582,2	2.531.520 €

OURENSE

Concello	Nº aeroxeradores	Subvención
Avión	40,5	64.800 €
Baltar	17	27.200 €
Bande	4	6.400 €
Castro Caldelas	1	1.600 €
Chandrea de Queixa	38	60.800 €
Cualedro	29	46.400 €
O Irixe	42	67.200 €
Melón	16,5	26.400 €
Montederramo	30	48.000 €
Nogueira de Ramuín	45	72.000 €
Parada de Sil	18	28.800 €
Piñor	2	3.200 €
Verea	15	24.000 €
Xinzo de Limia	3	4.800 €
Xunqueira de Espadanedo	11	17.600 €
	312	499.200 €

PONTEVEDRA

Concello	Nº aeroxeradores	Subvención
A Cañiza	64,5	103.200 €
A Estrada	3	4.800 €
A Lama	52,5	84.000 €
Agolada	11	17.600 €
Arbo	16,5	26.400 €
As Neves	27,5	44.000 €
Caldas de Reis	4	6.400 €
Catoira	10	16.000 €
Cerdedo	18	28.800 €
Cotobade	14	22.400 €
Covelo	48	76.800 €
Cuntis	3	4.800 €
Forcarei	94	150.400 €
Fornelos de Montes	7	11.200 €
Lalín	75	120.000 €
Rodeiro	28	44.800 €
Silleda	11	17.600 €
Vila de Cruces	8	12.800 €
Vilagarcía de Arousa	2	3.200 €
	497	795.200 €
Total autonómico	4.018	6.428.800 €

Aplicación 05.03141A.760.4/crédito orzamentario

1.368.277,40 €

A CORUÑA

Concello	Metros de instalación de conexión e vías de evacuación	Subvención
Aranga	15.293	28.790,68 €
Arzúa	528	2.000,00 €
As Pontes	75.045	142.319,48 €
As Somozas	3.760	6.877,98 €
Boiro	444	2.000,00 €
Cabana de Bergantiños	8.969	16.775,08 €
Camariñas	10	2.000,00 €
Cedeira	642	2.000,00 €
Coristanco	14.280	26.865,98 €
Curtis	22.388	42.271,18 €
Dumbría	6.340	11.779,98 €
Irixoa	76	2.000,00 €
Malpica	1.500	2.583,98 €
Mañón	2.522	4.525,78 €
Mazaricos	26.163	49.443,68 €
Monfero	9.272	17.350,78 €
Muros	3.941	7.221,88 €
Negreira	7.652	14.272,78 €
Ortigueira	22.721	42.903,88 €
Outes	9.995	18.724,48 €
Ponteceso	17.219	32.450,08 €
Porto do Son	12.467	23.421,28 €
Rois	5.278	9.762,18 €
San Sadurniño	6.270	11.646,98 €
Santa Comba	6.912	12.866,78 €
Sobrado	12.138	22.796,18 €
Touro	1.740	3.039,98 €
Valdovino	275	2.000,00 €
Vilasantar	1.902	3.347,78 €
Vimianzo	11.438	21.466,18 €
Zas	7.043	13.115,68 €
	314.223	598.620,59 €

LUGO

Concello	Metros de instalación de conexión e vías de evacuación	Subvención
A Pastoriza	4.984	9.203,58 €
Abadín	20.422	38.535,78 €
Alfoz	681	2.000,00 €
Antas de Ulla	5.500	10.183,98 €
Baleira	5.242	9.693,78 €
Cervo	1.848	3.245,18 €
Chantada	14.100	26.523,98 €
A Fonsagrada	1.139	2.000,00 €
Friol	7.926	14.793,38 €
Guitiriz	25.639	48.448,08 €
Meira	7.854	14.656,58 €
Mondoñedo	16.125	30.371,48 €
Muras	24.637	46.544,28 €
O Páramo	14	2.000,00 €
O Vicedo	10.239	19.188,08 €
Ouro	21.244	40.097,58 €
Palas de Rei	2.280	4.065,98 €

Concello	Metros de instalación de conexión e vías de evacuación	Subvención
Pontenova	2.173	3.862,68 €
Riotorto	4.369	8.035,08 €
Sarria	7.872	14.690,78 €
O Valadouro	1.962	3.461,78 €
Vilalba	28.022	52.975,78 €
Viveiro	16.222	30.555,78 €
Xermade	5.261	9.729,88 €
Xove	9.342	17.483,78 €
	245.097	462.347,17 €

OURENSE

Concello	Metros de instalación de conexión e vías de evacuación	Subvención
Beariz	11.800	22.153,98 €
Boborás	7.042	13.113,78 €
O Carballiño	743	2.000,00 €
Celanova	4.000	7.333,98 €
Chandrea de Queixa	9.200	17.213,98 €
Cualedro	223	2.000,00 €
O Irixo	4.721	8.703,88 €
Leiro	1.342	2.283,78 €
Nogueira de Ramuín	6.586	12.247,38 €
Piñor	561	2.000,00 €
Xinzo	1.426	2.443,38 €
	47.644	91.494,11 €

PONTEVEDRA

Concello	Metros de instalación de conexión e vías de evacuación	Subvención
A Cañiza	6.492	12.068,78 €
A Estrada	5.104	9.431,58 €
Àgolada	100	2.000,00 €
Arbo	8.447	15.783,28 €
As Neves	6.409	11.911,08 €
Caldas de Reis	60	2.000,00 €
Covelo	7.566	14.109,38 €
Forcarei	19.642	37.053,78 €
Lalín	10.716	20.094,38 €
Rodeiro	4.800	8.853,98 €
Silleda	10.827	20.305,28 €
Vila de Cruces	26.735	50.530,48 €
Vilagarcía de Arousa	6.284	11.673,58 €
	113.182	215.815,53
Total autonómico	720.146	1.368.277,40

Os concellos subvencionáronse de xeito proporcional con base no número de metros de instalación de conexión e vías de evacuación, establecendo un importe mínimo de 2.000 euros.



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
 XUSTIZA

ANEXO III

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

Don/Dona alcalde/sa, presidente/representante da entidade , solicitante da axuda da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para subvencionar a realización de obras e equipamentos destinados á prestación de servizos municipais nos concellos e nas entidades menores de Galicia.

Denominación do proxecto:

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Axudas concedidas:

- Non se me concedeu ningunha axuda para este mesmo proxecto.
- Si se me concedeu axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda :

Data de resolución:

Importe:

Axudas solicitadas:

- Non solicitei ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
- Si solicitei axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda :

Data de resolución:

Importe:

Lugar e data:

_____ , de _____ de _____

Sinatura e selo:

Asdo.:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA

ANEXO IV

Don/Dona

secretario/a da entidade de

Certifica:

Que esta entidade ten presentadas as contas correspondentes ao exercicio orzamentario 2008 no Consello de Contas de Galicia, segundo o estipulado no artigo 208 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

E para que conste, para os efectos do esixido pola Orde do _____, asino esta certificación en

_____, de _____ de _____

O/a secretario/a

Asdo.:



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E
 XUSTIZA

ANEXO V

ORDE			
<input type="text"/>			
CONCELLO	OBRA	ACORDO DE ADXUDICACIÓN	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ADXUDICATARIO			NIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>
PRAZO DE EXECUCIÓN (EN MESES)	IMPORTE PROXECTO	IMPORTE ADXUDICACIÓN	BAIXA %
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<i>IMPORTE FINANCIAMENTO</i>	<i>XUNTA</i>	<i>CONCELLO</i>	<i>OUTROS</i>	<i>TOTAIS</i>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Certificación nº data da certificación

Don /Dona

Director/a da obra de referencia

CERTIFICO/A:
 Que as obras realizadas polo contratista adxudicatario e que se xustifican na correspondente relación valorada importan a cantidade líquida de

<i>LÍQUIDO QUE SE CERTIFICA</i>	<i>LÍQUIDO ABOADO ANTERIORMENTE</i>	<i>PENDENTE</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

_____, de _____ de _____

O/a director/a da obra

Asdo.:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA

ANEXO VI

Don/Dona

(cargo)

, como órgano que ten atribuídas as facultades de control da entidade de

CERTIFICO/A:

A toma de razón en contabilidade do gasto realizado e o cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención para

segundo o artigo 28.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

subvencións de Galicia.



E para que conste, para os efectos do esixido pola Orde do _____, asino esta certificación en

_____, de _____ de _____


Asdo.:

ANEXO VII

MODELO DE CARTEL DE OBRA

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA			
<h2>FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL</h2>			
<div style="border: 1px solid black; width: 150px; height: 50px; margin: 0 auto;"></div> <p>LOGOTIPO E NOME DO CONCELLO</p>	<p>ACTUACIÓN</p> <div style="border: 1px solid black; padding: 5px;"> ARIAL NEGRIÑA 110 pt. COR NEGRO MÁXIMO TRES LIÑAS </div>		
	<p>ORZAMENTO</p> <div style="border: 1px solid black; width: 100%; height: 20px;"></div>		
 XACOBEO 2010 Galicia	<table style="width: 100%;"> <tr> <td style="text-align: center;"> <p>COMEZO</p> <div style="border: 1px solid black; width: 100%; height: 20px;"></div> </td> <td style="text-align: center;"> <p>FIN</p> <div style="border: 1px solid black; width: 100%; height: 20px;"></div> </td> </tr> </table>	<p>COMEZO</p> <div style="border: 1px solid black; width: 100%; height: 20px;"></div>	<p>FIN</p> <div style="border: 1px solid black; width: 100%; height: 20px;"></div>
<p>COMEZO</p> <div style="border: 1px solid black; width: 100%; height: 20px;"></div>	<p>FIN</p> <div style="border: 1px solid black; width: 100%; height: 20px;"></div>		

DIMENSIÓNS DO CARTEL DE OBRA



OBSERVACIÓNS

Cores.

Xunta de Galicia: as definidas na correspondente imaxe corporativa.

Instrucións para o cartel.

O escudo e o nome do concello serán da mesma altura que o da Xunta e irán situados no ángulo inferior esquerdo do cartel.

O logotipo do Xacobeo irá á esquerda nunha segunda liña debaixo do concello.

Só será obrigatorio colocar cartel de obra cando o orzamento sexa superior aos 20.000 €.